



ACADEMIA GALEGA  
DE SEGURIDADE PÚBLICA



Xacobeo 21-22

## NOTA INFORMATIVA

A teor do establecido no epígrafe primeiro da Resolución do 5 de maio de 2022 pola que se fixan os criterios reguladores do curso de formación para a obtención da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas durante o ano 2022, a próxima edición do curso de formación para a obtención da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas será o vindeiro 17 de novembro de 2022 en horario de 10:00 a 14:00 e de 15:30 a 17:30.

As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado PR4-71A en calquera das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, é dicir:

- Na sede electrónica da Xunta de Galicia : [sede.xunta.gal](http://sede.xunta.gal)
- En calquera das oficinas de asistencia en materia de rexistro.
- Nas oficinas de correos.

Para poder ser admitido/a no curso de formación será necesario presentar a solicitude ata o 4 de novembro de 2022 (data límite) coa que se presentará a seguinte documentación (artigo 8.3 do Decreto 48/2021, do 11 de marzo, polo que se regula a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se realicen):

- a) Fotocopia do DNI ou documento identificativo equivalente.
- b) Certificado de antecedentes penais ou autorizar a súa consulta
- c) Certificado de aptitude psicolóxica.

Para superar o curso é imprescindible asistir ás 6 horas lectivas do curso e obter unha nota mínima de 5 puntos no exame que se realizará inmediatamente a continuación (a partir das 17:30).

A lista provisional de persoas admitidas será publicada o 7 de novembro e as persoas excluídas dispoñerán dun prazo de tres días hábiles para emendar o motivo de exclusión, non sendo posible a emenda unha vez transcorrido este prazo (8-10 de novembro de 2022).

Só poderán acceder ao curso as persoas previamente seleccionadas, conforme ao establecido nos puntos anteriores.